

Consello de Galiza

Buenos Aires, xaneiro 28 de 1958.-

Señor
D. Lois Tobío Fernández
Montevideo

Ben querido irmán e amigo:-

Como vostede terá noticia, dende un tempo a esta parte, veñen realizándose en París moi intensas actividades políticas, cada vegada máis estensas e representativas das forzas da emigración, políticas, sindicais e de outra índole, que aítuan pra derribar o réximen de Franco, con contaitos direitos coas que, no mesmo senso, traballan no interior da Península, animadas pol-a crisis, xa irremediabel, do réximen devandito en todol-os órdenes.-

O Consello de Galiza i-as entidades e persoas que o asesoran i-apoian, rexistramos con moita pesadume, que n-isas actividades, reunións, acordos e resolucións públicas e segredas, non aparecía a presenza de Galicia con persoalidade propia, nin referencia algunha os seus problemas, especialmente ó fundamental da súa autodeterminación política.-

E á vista d-iste feito o Consello deuse a estudar o problema sobor da base d-unha ponencia que Don César Alvajar mandara o Primeiro Congreso da Emigración Galega, e de correspondencias privadas encol do tema, moi ben ourentadas, posteriormente. O Consello encarregoulle ó Conselleiro de Relacións, Ramón Suárez Picallo que, en forma reservada, iniciara as xestións pertinentes con Alvajar, e por outras vías, pra ver si podía atoparlle solución.-

O primeiro que se fixo foi un índice de puntos de ourentación política, a xeito de programa, dentro do que aituaria o noso representante. Despois de auscultar nos meios republicans e democráticos de París -gobierno republicano no exilio, gobiernos autónomos vasco e catalán, e organizacións políticas e sindicais- como sería acollida a representación de Galicia. E, por derradeiro, escoller a persoa que a desempeñaría, xa que Alvajar, dende o primeiro intre manifestou que non-a aceptaría, propoñéndonos varios nomes de galegos que, a seu xuicio, podían e debían desempeñala.-

O que chamaremos "programa de acción" do representante -verticalmente galeguista- foi aceptada integramente e aínda ampliada moi axeitadamente por Alvajar, pois él, reitificando vellos puntos de vista políticos, está agora á nosa veira compartindo incondicionalmente os nosos puntos de vista i-as nosas ideas. Informounos eisi mesmo que nos meios republicans, oficiales e privados de París, a representación galega tería favo-

//



Consello de Galiza


-2-


//rabel acollida con toda cras de colaboracións. A tal punto que, aínda denantes de nós mandarlle as credenciales, puido xa intervir n-alguns asuntos. Dispóis de insistir en non querer aceptar o cargo, i-ofrecendo a súa máis incondicional colaboración, logramos que o aceptara e o Consello nomeouno oficialmente o 18 de Nadal derradeira.-


César Alvajar ostentará en París unha dobre representación. Ante o goberno Republicano en eisilio i-os gobernos autónomos vascos e catalans, en representación do Consello de Galiza; e ante os partidos políticos e orgaizacións sindicais hespañolas, vascas e catalans, en representación das Irmandades Galegas na América, como entidade política e patriótica integrada por galegos de diversos matices, todos de siño democrático, republicán e galeguista.-

O Consello, tendo en conta a labourea constante de vostede a prol da causa que sostemos a sua siñificación política, espiritual e intelitua, e o apoio que nos prestou e nos presta sempre, coido-u doado darlle conta do aituado n-iste intresante asunto, en intres en que se agardan importantes acontecimentos, nos que Galicia non debe estar ausente.-

De todol-os xeitos, agardamos con moito intres a sua valiosa opinión encol do tema, e aproveitamos a ocasión pra lle reiterar a nosa máis cordial e fraterna estimanza,


Ramón Suárez Picallo
Conselleiro de Relacións


Antón Alonso Ríos
Segretario do
Consello de Galiza


Elpidio Villaverde
Conselleiro